

CONSULTAS FRECUENTES EECC

Tema	Area	Nº	Pregunta
Agricultor Activo		1	<p>Se unha explotación non cumpre o 20% de ingresos da actividade. ¿Como lle vai a afectar a hora do pago dos dereitos de pago básico?.</p> <p>O produtor entraría no grupo de risco. Se cumpre as condicións de asumir o risco empresarial e realizar actividade agraria na superficie se consideraría agricultor activo e tería a asignación correspondente. No caso de non resultar agricultor activo non tería asignación.</p>
		2	<p>Como se vai comprobar exactamente o requisito de agricultor activo nos seguintes casos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Agricultores persoas físicas: os ingresos agrarios totais míranse antes de reducir os gastos, e dicir nos brutos? - No caso dunha Sociedade Civil, nas cales fan a declaración da renda os socios, pero nesta soamente se poden ver os beneficios (non os ingresos brutos), como se vai comprobar este requisito? Que modelo ou documentación se vai requirir? - Nas Sociedades Limitadas, que documentación se vai requirir? - Nas sociedades que haxa algún socio que non cumpra, como se vai mirar, por maior número de socios que cumpran, por porcentaxe de participación,...?? ¿Ou soamente se mira o total da sociedade e non se mira por socio? <p>Persoas físicas, se miran ingresos brutos na declaración da renda. Persoas xurídicas, deben declarar os ingresos agrarios totais (incluídas as axudas que fiscalmente se consideran como ingresos agrarios) da sociedade, non se solicita documentación no momento de solicitar, pero si se pode solicitar posteriormente para comprobar os ingresos agrarios (facturas, etc).</p>
		3	<p>Unha explotación de leite que é sociedade; dous socios, o home e a muller e un traballador contratado; un dos socios o home, dedícase tamén á compra e venda de vacas, co cal ten ingresos a maiores da explotación do leite o de compra e venda; terá algún problema agora de cumprir o de agricultor activo. A día de hoxe estes ingresos de compravenda declarados como ingreso agrarios mesturados coa venda do leite, é legal isto????, ou debería facer unha sociedade aínda que fora unipersoal para os ingresos procedentes do trato????.</p> <p>No caso de declaracións de sociedades se comprobará a condición de agricultor activo á sociedade. Sobre o procedemento de declarar os ingresos recomendaríamos contactar con Facenda.</p>
		4	<p>O agricultor activo será aquel que os seus ingresos agrarios distintos dos pagos directos supoñen, polo menos, o 20%, dos seus ingresos agrarios totais. Por ingresos agrarios totais enténdense todos os ingresos relacionados coa venda de produtos agrarios da súa explotación, non? E que están barallando a idea de que son todos os ingresos do solicitante. Por poñer un exemplo, unha persoa que traballa nunha cooperativa e ademais ten unha explotación. Para o cálculo non se lle terán en conta os ingresos que percibe da cooperativa, só os derivados da explotación (e terán que supoñer polo menos o 20% sen ter en conta o que cobrou da PAC)</p> <p>No caso de persoas físicas so imos mirar o que figuren como ingresos agrarios os indicados na declaración da renda. Da asignación dos ingresos a unha categoría fiscal ou outra lle correspondería consultar a Facenda.</p>

Declaración de Superficies	Superficie Admisible	1	<p>UNHA PERSOA QUE DECLARE NA SÚA DECLARACIÓN DE PARCELAS TODO PASTOS, BEN SEXA PERMANENTES OU QUE SEXAN RENOVADOS, QUE PROBLEMAS PODE TER COA NOVA PAC, ¿ESTÁ OBRIGADO A FACER PASTOREO, OU É SUFICIENTE CON QUE DECLARE QUE A SUPERFICIE ESTÁ BEN MANTIDA?</p> <p>1. Para ter asignación de dereitos de pago en PASTOS PERMANENTES debe ter un REGA activo. Se non ten REGA e toda a superficie que declara son pastos PERMANENTES non terá asignación de dereitos de pago básico. Olo, se o REGA o dá de alta no 2015 se considerará creación de condicións artificiais.</p> <p>2. Se ten REGA terá asignación de dereitos de pago básico nas superficies de pasto coas que chegue ata 0,2 UGM/ha, se non chega á carga mínima deberá realizar labores de mantemento. As labores de mantemento admitidas son pastoreo, sega (só en superficies con uso PS) e desbroce (só en superficies de uso PA- pasto arborado- e PR- pasto arbustivo-). Ver anexo IV do Rd 1075/2014.</p>
		2	<p>E CON RESPECTO O ART 15. DO REAL DECRETO NO QUE INDICA QUE AS PARCELAS AGRÍCOLAS DEBERÁN ESTAR A DISPOSICIÓN DO AGRICULTOR, BEN EN PROPIEDAD OU ARRENDAMENTO, ¿O AGRICULTOR NA SÚA DECLARACIÓN DEBE INDICAR UN PROPIETARIO DA PARCELA AGRÍCOLA POLA QUE SOLICITA AXUDAS QUE COINCIDA CON CATASTRO?</p> <p>Ten que indicar un réxime de tenza dos que se recollen nese artigo 15 e o NIF do propietario que el coñece. Neste ano 2015 se non indica o NIF do propietario a aplicación informática daralle un aviso pero permitiralle finalizar a súa solicitude.</p>
		3	<p>Nas parcelas hai que poñer o seu aproveitamento, é dicir se se pastan ou segan, pero hai parcelas que utilízanse para segar unha corta de forraxe e despois pastoréanse, ¿haberá opción de poñer este dobre aproveitamento?</p> <p>Non haberá opción a declarar o dobre aproveitamento, para esta casuística recoméndase declarar pastoreo, o importante é que sexa demostrable.</p>
		4	<p>AQUÍ NA MAIORÍA DOS CASOS OS TERREOS ESTÁN A DISPOSICIÓN DE OUTRA PERSOA QUE NON É O PROPIETARIO, PERO NON HAI UN PRECIO NIN UN CONTRATO DE ARRENDAMENTO, SÓ HAI UN DEREITO DE USO DESES TERREOS PARA CULTIVO AGRÍCOLA,</p> <p>Os produtores deberán indicar quen é o arrendador na súa declaración indicando o seu NIF, aínda que neste ano 2015 a falta deste dato non impedirá pechar e presentar a solicitude. Na solicitude non é preciso achegar documentación de arrendamentos, pero se requirirá no caso de que haxa incidencias nos controis administrativos.</p>
		5	<p>En qué casos é imprescindible facer un cambio de uso Sixpac? Podo ter millo nun PS? Cambio de uso</p> <p>Podo ter pradería de máis de 5 anos nun TA? Non, tería que ser PS. En calquera caso esta casuística só debería producirse en casos moi puntuais pois dende fai dous anos xa se cambian de oficio a PS todos aqueles recintos que tendo uso TA levan máis de 5 declarados como prados < 5 anos.</p> <p>Podo ter pradería de menos de 5 anos tanto en TA como en PS? Só pode ser en TA</p>
		6	<p>¿Cales son os baremos de penalización sobre a PAC para este ano no caso de xente que incumpra condicións en determinada superficie admisible? (incumprimento en menos do 3% da superficie útil entendín que só penalizaba a superficie que estaba mal, e a partir do 3 % da superficie total penalizaba sobre o dobre da superficie que está mal).</p>

			Nestes casos aplicarase o indicado no Regulamento 640/2014.
		7	<p>Unha finca de pasto arbustivo con arbustos baixos nos que as vacas comen as ramas frescas dos arbustos, pero non hai vexetación herbácea, sería unha parcela admisible como pasto arbustivo? R</p> <p>Non, para que os pastos permanentes sexan admisibles sobre a superficie neta terá que existir vexetación herbácea e ser predominante.</p>
		8	<p>Temos varias explotacións na montaña de Lugo que aproveitan monte que presenta na súa maioría uz e carqueixa, o gando pastorea o brotes destas especies e a veces combínase con labores de roza. Nas charlas que tivemos díxose que os PR tiñan que ter máis do 50 % de especies herbáceas. No caso que comento non se cumpre esta condición pero si que se pastorea co gando. Vale esta superficie para declarar?.</p> <p>Non, para que os pastos permanentes sexan admisibles sobre a superficie neta terá que existir vexetación herbácea e ser predominante.</p>
		9	<p>Nas charlas comentábase que as superficies de pastos permanentes para que fosen admisibles deberían ter polo menos o 51% de superficie preferentemente herbácea. Entón unha finca composta por monte baixo que se desbroce agora non serve? xa que aínda non tería especies herbáceas?</p> <p>Non, para que os pastos permanentes sexan admisibles sobre a superficie neta terá que existir vexetación herbácea e ser predominante.</p>
		10	<p>Nunha parcela a uso TA que declaro 4 anos prado, é mellor por algún motivo declarar un cultivo para que non cambie a PS?</p> <p>Non hai "motivos" polos que sexa mellor ou peor declarar unha cousa ou outra. Hai que declarar o que hai no terreo no período principal de cultivo e isto é o que debe cumprir os requisitos ou compromisos das axudas solicitadas. Neste caso se o recinto é TA e levo declarados 4 anos a prado < 5 anos no 5º, se segue habendo prado, tamén debo declarar prado < 5 anos. Para o ano seguinte xa se cambiará de oficio o uso do SIXPAC a PS e a partir da aí se segue habendo prado haberá que declarar prado permanente.</p>
		11	<p>É O CASO DUN GANDEIRO QUE VENDE TODOS OS ANIMAIS, PODE DECLARAR HAS DE PS PARA XUSTIFICAR O PAGO BASE...?????</p> <p>Si se realiza sega e o xustifica. Se non ten REGA activo e toda a superficie que declara é Pasto Permanente non tería asignación.</p>
		12	<p>¿O CAP afecta á superficie útil unicamente para a carga gandeira (ben para que sexan admisibles pastos ou ben para axudas de desenvolvemento rural) ou afecta tamén a superficie admisible total da explotación?</p> <p>O CAP se utiliza para o cálculo da superficie neta de pastos permanentes e polo tanto para determinar a superficie admisible a todos os efectos: número de dereitos de pago básico utilizados, superficie forraxeira para a carga gandeira, superficie con dereito ás axudas de desenvolvemento rural, etc.</p>
		13	<p>. ¿Este ano pódense engadir leiras para cobrar por elas, ou independentemente se se engaden leiras, vanse a usar os dereitos do ano 2013 para o importe da axuda para percibir?</p> <p>O produtor ten que declarar toda a superficie agrícola da súa explotación. Se ten novos recintos debe declaralos pero non ten porque cobrar por eles, como xa se explicou este ano deben asignarse dereitos de pago básico e o número de dereitos será o menor número de has declaradas no 2013 e 2015. Se no 2015 declara máis superficie que no 2013 non lle asignarán máis dereitos. Isto está explicado na presentación que se enviou á vosa</p>

			entidade.
		14	<p>¿podería un agricultor desvincular terra para asignación de pago base, pero que si lle computase para a carga gandeira e máis para IC.?. Isto é, que lle asignasen os dereitos sobre a superficie que el determine para tal efecto e non co resto de superficie da explotación. En caso de ser posible, rogo nos expliquen como tramitalo. (supoño que desvinculándoa na aplicación no apartado dos recintos co pago base).</p> <p>Non, para a asignación de dereitos de pago básico terase en conta toda a superficie admisible declarada no ano 2015.</p>
		15	<p>2 cultivos sobre o mesmo recinto (50% de cada recinto a cada un dos cultivos), durante o período de cultivo de primavera, e válido para a diversificación?</p> <p>Se o recinto ten varios cultivos terá que facerse unha partición de recintos indicando a superficie cultivada en cada subrecinto. Se na metade do recinto hai un cultivo durante o período principal e na outra metade hai outro durante ese mesmo período, a efectos da diversificación son dous cultivos.</p>
	Concentración Parcelaria	16	<p>As zonas de concentración parcelaria, as novas fincas aparecen cunha referencia distinta, teremos que incluílas unha a unha na solicitude 2015?. Estas parcelas teñen uso SIXPAC renovado? Aparecerán na nova capa do SIXPAC? En caso de non ter o uso especificado, con que uso se teñen en conta? Refírome a telas en conta para o pago verde.</p> <p>Distinguimos na resposta dúas situacións, dado que non está moi claro a cal delas se refire a pregunta:</p> <p>A) Zonas de concentración que aparezan no Anexo III da Orde 2015, que son as zonas onde o novo parcelario resultante da concentración aínda non está integrado no SIXPAC: Como sempre, poderanse declarar referencias de concentración parcelaria para as parcelas “novas” (no sentido de parcelas resultantes da concentración). Neste caso as declaracións con referencias de concentración cruzaranse contra as bases de datos oficiais da zona respectiva (facilitadas polo Servizo de Infraestruturas Agrarias), e para o caso de parcelas xa declaradas deste xeito no 2014 irán nas presolicitudes 2015 cando non haxa contradición con eses datos. Sempre que se trate de incorporar parcelas non declaradas no ano anterior si que hai que incluílas unha a unha na solicitude.</p> <p>B) Zonas de concentración nas que o novo parcelario aparece integrado no SIXPAC por primeira vez (son zonas que son baixa no Anexo III da Orde respecto ao anexo do ano anterior): Neste caso non se envían as parcelas na presolicitude e sempre hai que declaralas manualmente, unha a unha. Cando se integra unha zona no SIXPAC, normalmente na ortofoto existente xa se ven as novas fincas e se asignan os usos SIXPAC fotointerpretando esas ortofotos. No 2015 só hai unha zona en Galicia (Baltar, en Ourense) na que non foi posible revisar os usos e figura para todas o uso ZC, que permite declarar calquera produto sen presentar unha alegación ao SIXPAC.</p> <p>Tanto na situación A como na B, a efectos do pago verde, ao igual que en calquera outra parcela, terase en conta o produto que se declare (se a declaración é polo SIXPAC e hai contradición co uso, habería que presentar a correspondente alegación ao SIXPAC).</p>
Asignación Dereitos Pago Básico		1	<p>GUSTARÍAME SABER QUE PODE FACER UN AGRICULTOR QUE TEN TERRAS E TEN REGA, NO CASO DE QUE NON TEÑA INGRESOS AGRARIOS. NA ACTUALIDADE ESTÁ COBRANDO POLA VENDA DA CUOTA DO LEITE CUN CONTRATO DE 5 ANOS, NON SEI SE ESO SE PODEN CONSIDERAR INGRESOS</p>

			<p>AGRARIOS. QUE LLE PODO RECOMENDAR QUE FAGA, POIS NESTE ANO TAMPOUCO PODE CEDER OS DEREITOS.</p> <p>A venda da cota de leite non creo que teña consideración de ingreso agrario. A pregunta e se o REGA é activo, isto é, ten gando? Se non ten gando e toda a superficie é de pastos permanentes non tería asignación de dereitos de pago básico. Se ten superficie de terra de cultivo distinta de pastos permanentes (prados < 5 anos, millo, xirasol, etc.) se asignarían dereitos a esas superficies e o importes do 2014 se concentrarían nelas. No que atinxe a agricultor activo, como xa se indicou nas charlas, os produtores deberían estar inscritos no REAGA e ter polo menos un 20% de ingresos agrarios que non veñan de de axudas directas. PERO, se non chegan ao 20% poderían tamén ser agricultores activos pero se considerará que está en situación de risco.</p>
		2	<p>Unha explotación que se dou de alta no 2013-2014 e cobrou a súa primeira e única PAC en 2014, ¿que superficie de referencia ten? (entendo que a do 2014, que é a única que ten) ¿Esta explotación ten algunha outra particularidade na súa solicitude de este de este ano ó carecer de PAC en 2013?</p> <p>Se o produtor tiña dereitos de pago único no 2014 e os adquiriu de outra persoa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se adquiriu dereitos sen terra non terá asignación pois non ten superficie en 2013 (cupo). • Se os dereitos os adquiriu por arrendamento ou compravenda de terras teríanse en conta as superficies adquiridas nesta cesión. <p>Se non tiña dereitos de pago único en 2014:</p> <ul style="list-style-type: none"> • No caso de que solicitase e recibise dereitos de pago único da reserva nacional en 2014, non ten cupo de superficie e en 2015 terá que solicitar dereitos da reserva nacional de pago básico • Se non solicitou ou non recibiu dereitos de pago único da reserva nacional en 2014, non ten cupo de superficie e se cumpre os requisitos de agricultor mozo ou de agricultor que inicia a actividade agrícola poderá solicitar dereitos da reserva nacional de pago básico
		3	<p>O importe por ha aumentaría para o calculo pasaría de 350 euros a 400 euros (aplicando unha relación PB/PDU 2014 de 0.56 calculo)¿a redución máxima que se aplicará, sería sobre sobre o importe no caso que sexa (350 ou 400) se supera a media rexional será do 30% ou aplicaríase unha redución sobre a diferenza coa media do 30%? A redución por converxencia aplicarase como unha porcentaxe sobre a diferenza entre o valor unitario rexional e o valor calculado do dereito no 2015 e ademais esa redución nunca poderá superar o 30% do valor total do dereito (é dicir, o 30% de 350 ou 400)</p>
		4	<p>¿Poderíase facer un cálculo aproximado con 300 euros de media rexional e supoñen que todo e terras de cultivo 12.1, para comprobar a viabilidade de arrendamento novas terras co fin de aumentar as ha declaradas no 2013-2014?¿Sería un calculo aproximado o real? Non, á data de hoxe non coñecemos cal será o valor medio rexional, dependerá da campaña 2015.</p>
		5	<p>Se declaramos 10 Hectáreas de millo na solicitude PAC 2015, no concello de</p>

			<p>Lugo, nunha parcela que no 2013 estaba adicada a pasto permanente, entendemos que se me van a conceder 10 dereitos na rexión 7.3 de pastos permanentes PP (zona segundo declaración de 2015 e cultivo segundo declaración de 2013). Isto é correcto? Podo declarar estas 10 hectáreas a calquera cultivo admisible para pago base nos próximos anos ou teño que declarar pastos permanente porque teño os dereitos asociados a unha rexión de pastos permanentes?</p> <p>A asignación faise na rexión á que se pertence a parcela. Se no 2013 o uso era de Pasto Permanente o recinto será da rexión 7.3, é dicir, o recinto xa ten unha rexión asignada e esta non variará aínda que se cambie o uso nos próximos anos: se un recinto pertence a rexión 7.3 os dereitos que en 2015 se asignen sobre ese recinto pertencen a esa rexión e ese recinto tamén aínda que no 2015 ou seguintes cambie o uso a TA ou a outro uso admisible... Polo tanto, si poderás declarar esas 10 ha a calquera cultivo admisible e ese recinto seguirá sendo da rexión 7.3. En todo caso, para declarar millo no 2015 sendo un uso distinto de TA deberás facer unha alegación ao SIXPAC</p>
		6	<p>En terras a barbeito van a asignar dereitos de Pago Base? Si dependendo da rexión onde estean as parcelas. Atención co abandono.</p>
		7	<p>Para a asignación de rexión, entendemos que se vai a mirar os lugares nos que se sitúan as fincas declaradas no 2015, é correcto?. Por exemplo se no 2013 e no 2014 declarei fincas en Asturias, pero no 2015 solo en Galicia, entendemos que solo se van a asignar dereitos en Galicia.</p> <p>Os dereitos asignaranse en función das rexións onde estean situadas as superficies declaradas en 2015.</p>
		8	<p>QUE SIGNIFICA REGA ACTIVO QUE TEÑA ANIMALES SOU QUE EXISTA O REGA.....</p> <p>Que teñan animais</p>
		9	<p>Unha explotación de leite con un pago único de 20.000 € en dereitos especiais, que solo declaraba 2 hectáreas, vai ter 2 dereitos de 10.000 €, pero estes dereitos coa converxencia vanse reducir como moito un 30 % nos 5 anos, e dicir un 6% anual. É así ou terán que quedar máis baixos obrigatoriamente??</p> <p>Os importes dos dereitos de pago básico serán unha porcentaxe a determinar dos dereitos de PU. Esa porcentaxe se calculará no ano 2015, despois poderá cobrar os importes de Pago Verde que serán unha porcentaxe dos dereitos de pago básico. En todo caso, dados os importes dos que estamos falando posiblemente impliquen unha converxencia negativa que dependerá da rexión onde se lle asignen os dereitos e que como moito será do 30% do valor inicial dos dereitos. .</p>
		10	<p>GANDEIRO DECLARA EN 2014 20 HAS E COBRA 3000 € DE RPU...7HAS SON DE TA QUE USA DE PASTO OU SEGA DE HERBA, QUE XA NON LABOREA.... E 13 HAS SON DE PS....</p> <p>ANO 2015 AS 7HAS DE TA DEIXOAS SEN FACER ALEGACION A SIXPAC E DECLARAAS COMO PASTO..... PASN 5 ANOS MAIS E SIGOAS DECLARANDO COMO PASTO SEN LABOREAR.... QUE PASARIA?</p> <p>PASARIAN AUTOMATICAMENTE A PASTO PERMANENTE?</p> <p>NO 2015 XENERARIAN DEREITOS DE TC E LOGO SE PASAN A PASTOS POR DECLARAR PASTO MAIS DE 5 ANOS CONSECUTIVOS.....COMO FARIA PARA XUSTIFICAR OS DEREITOS DE TC.....</p> <p>Non se asignarán dereitos por ser TC ou PP en 2015 ou seguintes, se lle asignarán dereitos da rexión que lle corresponda (7.1, 7, 12.1, etc.) a eses</p>

			recintos, estas rexións xa están definidas e non dependerá do cambio de uso no 2015 ou seguintes. Se no 2013 o uso deses recintos determinou que eran da rexión 7.3, o cambio de uso no 2015 non lle afecta, seguirá sendo desa rexión.
		11	<p>Alguén que dispoña de dereitos de pago base, pero que non cobrara axudas no ano 2014, ¿Qué valor van ter os dereitos que se lle asignen este ano 2015? ¿o valor medio da súa rexión, independentemente do valor dos dereitos nos anos previos?</p> <p>Se non solicitou ou non cobrou en 2014 por causas de forza maior debería presentar alegacións a asignación de dereitos de pago básico (ver artigos 17 e 18 do RD 1076/2014). De non ser así, tería un valor inicial de 0 euros por dereito e despois se lle aplicaríase a converxencia.</p>
		12	<p>Alguén que tivese dereitos de pago anteriores, pero en 2013 non solicitase PAC (pola razón que sexa, cesión a outra persoa, ou simplemente non fixo nada ese ano), ¿Ten algún problema este ano para solicitar a PAC 2015? ¿cal vai ser a súa superficie de referencia?</p> <p>Se non solicitou no ano 2013 por causas de forza maior debería solicitalo á reserva nacional de pago básico (ver artigo 24.5 do RD 1076/2014). En caso contrario, NON tería asignación.</p>
		13	<p>Pódese reducir a superficie útil ata un 25 % respecto á superficie declarada en 2014 sen penalización (non se consideraría beneficio inesperado). Alguén que reduza a súa superficie en 2015 menos do 25% respecto da superficie declarada en 2014, se ten acceso á Reserva Nacional (por ser agricultor mozo), ¿podería pedir igual aumento de dereitos de pago base?</p> <p>¿Pode alguén solicitar dereitos da Reserva Nacional sen aumentar superficie admisible? (se cumpre o resto de requisitos, claro)</p> <p>Si, incrementase o valor dos dereitos que ten ata o valor medio rexional.</p>
		14	<p>a) Poden solicitar axudas sen cotizar a seguridade social agraria. Este produtor ten 38 VN Si se cumpre a condición de agricultor activo. En calquera caso debe cumprir coas obrigas que lle estableza a normativa tributaria e da Seguridade Social.</p> <p>d) Solicitante con D.Especiais en 2014 c) Solicitante con D.E de 600E + D. Normais. Ambos casos sin pasalos a normales en 2014, Cal sería o procedemento en 2015?</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Se teñen superficie no 2013 e 2014 en 2015 poderían ter asignación de pago básico ambos. Os importes a considerar serían os do 2014 (tanto dereitos especiais como normais). 2. Se o que só ten dereitos especiais non ten superficie no 2013 non tería asignación de pago básico. Polo tanto, tería que ver se pode acceder ás axudas asociadas previstas para estes casos (ver seccións 7ª, 8ª e 9ª do capítulo II do título IV do RD 1075/2014) 3. En 2015 desapareceron os dereitos de pago único
		15	<p>Canto supón o importe de Dereitos de VN pasado a DPB, o 50% ? 51,32%</p>
		16	<p>Hai bastantes Xubilados con Pago Único pero non teñen animais. Recomendéilles rozas anuais para xustificar actividade agrícola</p>

			Xubilados ou non da igual, pero se non teñen REGA e declaran exclusivamente pastos permanentes non teñen asignación de DPB.
		17	<p>Un agricultor dado de alta na SS, con REGA, 20 vacas nutrices, con 14ha para solicitar, que vendeu os DPU en 2011 e desde entón non fixo solicitude da PAC. Este ano podería facer a solicitude e tería dereito a que se lle adxudiquen dereitos de pago básico?</p> <p>Segundo o descrito NON tería asignación por non ter solicitude en 2013 nin 2014. Pero se ten vacas nutrices podería solicitar a axuda asociada de vacas nutrices.</p>
		18	<p>Un agricultor que nunca solicitou PAC, non está dado de alta na SS, ten vacas de carne e terras. Pode solicitar a PAC este ano?</p> <p>Se é agricultor activo pode acceder ás axudas asociadas.</p>
		19	<p>Unha solicitude do 2014 na que solicita a complementaria de nutrices, non declara superficie e non tiña DPU, ten dereito a solicitar este ano? Solicitaríasele admisión ó pago básico e a asociada que manteña vacas nutrices?</p> <p>Se non tiña superficie no 2013, non ten cupo e non tería asignación PB. Pode solicitar a asociada de vacas nutrices.</p>
		20	<p>Teño outra dúbida, unha clienta comentoume que fixeron este ano o cambio de titularidade da explotación da nai á filla, pero que no ano 2014, a titular nese momento (a nai) non solicitou axudas ao pago único. Perdeu este ano os dereitos que obtería da nai adquirindo ela a explotación?</p> <p>Sí salvo que se encontre nalgunha das causas de forza maior indicadas no artigo 17 do RD 1076/2014. Neste caso tería que presentar a alegación prevista no artigo 18 dese mesmo RD.</p> <p>Pode solicitar a axuda este ano?</p> <p>Sí, pero antes debe presentar a comunicación relativa ao cambio de titular prevista no artigo 19 do RD 1076/2014. Ademais, se cumpre os requisitos tamén podería solicitar a asignación de dereitos de pago básico da reserva nacional e o pago para agricultores mozos.</p>
		21	<p>As parcelas arrendadas están nunha rexión diferente a da explotación, a explotación esta na provincia da Coruña, rexión 7.3 e 14.1 e as parcelas na provincia de Lugo, rexión 7.3 e 12.1, as parcelas arrendadas algunhas son TA (7.3) e outras PS(12.1), e moi probable que no 2016, que despois de finalizar o contrato non se volvan a declarar as parcelas. Que consecuencias ten para a explotación? tería que buscar outras parcelas na rexión 12.1, para cubrir os dereitos que se lle asignen en 2015?</p> <p>Si. A asignación de dereitos a cada rexión farase de acordo ao que declare no 2015. Se no 2015 danlle dereitos das rexións 7.3 e 12.1 pois so poderá utilízalos nos anos seguintes nestas rexións, é dicir, declarando superficies admisibles desas rexións.</p>
	Reserva Nacional	22	<p>O cliente é unha sociedade S.L. e tódolos seus socios son maiores de 40 anos.</p> <p>Esta sociedade está dedicada á produción de carne.</p> <p>Comezou a súa actividade fai dous anos, e non recibiu ningún tipo de xuda da PAC no período anterior. Non tiña dereitos de Pago Único.</p> <p>A pregunta é: ¿ Podería solicitar dereitos de Pago Base a través da Reserva Nacional ou polo contrario está condenado a non recibir dereitos de pago base?.</p>

			<p>Poden ter asignación á Reserva nacional os agricultores que comezan a súa actividade agraria (explotación prioritaria, inicio da actividade agraria no 2013 ou posterior –alta na SS agraria-, etc.).Para completar a información ver o artigo 24.4 do RD 1076/2014.</p>
		23	<p>Segundo entendemos pode solicitar dereitos a RN un agricultor mozo con axuda a 1ª instalación ou incorporado nunha explotación prioritaria como AP, si isto é así, a miña pregunta é se hai que declarar no ano 2.015 máis superficie que no 2.013 para que se asignen os posibles dereitos da reserva? Se debe declarar a superficie da explotación e que polo tanto se utilice. Se non ten superficie en exceso se incrementarían os importes ata o valor unitario medio de cada rexión.</p>
		24	<p>Na solicitude á Reserva Nacional entendemos que os dereitos se asignan ás hectáreas sen dereitos ou increméntase o seu valor ata o valor medio rexional. Entón se unha explotación xa ten un valor dos dereitos moi alto (por enriba da media), para poder ter acceso á Reserva Nacional tería que ter declaradas máis hectáreas no 2015 ca no 2013, xa que se fora ó revés, menos hectáreas no 2015 ca no 2013 non tería hectáreas libres. Isto é correcto?.</p> <p>Se o valor dos dereitos supera ao valor medio rexional e non ten superficie libre non terá asignación da reserva nacional pero se cumpre os requisitos, si poderá recibir o pago de agricultores mozos</p>
		25	<p>Un agricultor de máis de 40 anos, que herdou unha explotación recentemente, pero esta non é prioritaria, ¿ten acceso a dereitos da reserva nacional?</p> <p>Se ten unha explotación que tiña axudas no 2014 e 2013 podería ter asignación sempre que faga as alegacións a asignación de dereitos de pago básico. Non tería acceso á RN por non ser prioritaria.</p>
		26	<p>No caso de unha sociedade que un dos socios se incorporase nos últimos 5 anos e teña dereito a solicitar a reserva nacional de pago base,¿a nome de quen se faría a solicitude de RNPB?</p> <p>Sempre a nome do titular da explotación, neste caso a nome da sociedade.</p>
		27	<p>As solicites RNPB + alegacións ó P.B pódense solicitar na OAC unha vez rexistrada a solicitude única?</p> <p>As alegacións ao pago básico, si. As solicitudes da RNPB haberá que tramitalas nas EE.CC. xunto coa solicitude única.</p>
		28	<p>Xórdenme dúbidas respecto das axudas por inicio de actividade e agricultores mozos: En que casos debemos solicitar este ano dereitos á reserva nacional? P.ex. gandeiro que o ano pasado iniciou a actividade por primeira vez sen dereitos e foron pedidos á reserva aínda que tiña máis de 40 anos, sen plan de mellora nin explotación prioritaria? Simplemente iniciou a súa actividade.</p> <p>Este tema xa se trato nos cursos e a presentación que vos enviamos xa fai un resumo: De forma suscita, a reserva nacional pódese pedir por Sentenza Xudicial que asigne dereitos, Forza Maior (coas súas causas), por ser agricultor mozo (menor de 40 anos) ou ser agricultor que se incorpora á actividade agraria.</p> <p>Polo caso que me indicas podería solicitar por ser agricultor que se incorpora á actividade agraria. Deberá estar dado de alta nalgún dos réximes agrarios da seguridade social a partir de 2013 e a explotación ser prioritaria.</p>

<p>Asignación Dereitos Pago Básico</p>	<p>Beneficio Inesperado</p>	<p>29</p>	<p><i>Se unha explotación que declara menos hectáreas que declaraba que no ano 2014 (menos dun 25%) sen que sexan transferencias de terras, nunca entraría na cláusula de beneficio inesperado?¿Si tería que ver si esta creando condicións artificiais segundo o apartado c) onde se limitaría o valor do dereito a 3000 ?</i></p> <p><i>Agricultor-2014-15ha</i> <i>Agricultor-2015-5ha</i></p> <p><i>Supoñemos que o produtor no 2013 tamén tiña 15 ha admisibles. Veríamos o seguinte:</i></p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O produtor reduce a superficie en 2015 respecto ao ano 2014. A pregunta é: Declara toda a superficie agrícola da súa explotación? 2. Se a resposta é que SI, entón é que a superficie que non declara en 2015 sería superficie que a levaba en arrendo e rematou o arrendamento(en precario ou non) ou se fose da súa propiedade vendeuna ou arrendouna a outro produtor. Se esa redución é inferior ao 25% ou a 2 ha non se aplicaría a cláusula de beneficio inesperado pero, efectivamente, podería ser aplicable a cláusula de condicións artificiais. Se a redución de superficie é maior do 25% sempre que sexa máis de 2 ha, entón as consecuencias se diferenciarían segundo o tipo de superficies: <ol style="list-style-type: none"> a. A superficie que se reduce non é pasto. SE APLICA BENEFICIO INESPERADO. b. A superficie que reduce é de pasto : <ol style="list-style-type: none"> i. A excepción relativa ao coeficiente de admisibilidade de pastos (CAP) contemplada no artigo 21.2 do RD 1076/2014, refírese a superficies de pasto que eran admisibles na campaña 2014 de acordo cos criterios de admisibilidade dese ano e que no 2015 se lles adxudica un CAP menor. Por conseguinte trátase de casos nos que se mantén a actividade sobre a mesma superficie xeométrica ou bruta de pastos pero hai unha redución da superficie neta por aplicarse no 2015 uns criterios de admisibilidade máis estritos. É dicir, as superficies de pastos que xa non eran admisibles no 2014 non están amparadas por esta excepción. ii. A redución de superficie admisible é debida a superficie de pastos que levaba en arrendo ou superficies de pastos de uso en común. Para esta casuística temos plantexada unha pregunta ao FEGA estando pendente a súa resposta . (Xa se enviou unha nota aclaratoria coa resposta a esta casuística) <p>De todas maneiras pode ocorrer que, con independencia de que se aplique ou non o beneficio inesperado, a calquera redución da superficie admisible nunha explotación podería serlle de aplicación o limite de 3.000 euros por dereito por creación de condicións artificiais (artigo 22.b) e a parte tería que ter en conta o efecto da converxencia.</p>
--	---------------------------------	-----------	--

			<p>3. Se a resposta e que NON, tería penalización por non declarar toda a superficie e a aplicación de beneficio inesperado ou condicións artificiais sería como no caso anterior.</p> <p>4. En calquera caso, é fundamental que na superficie que se declara se cumpran entre outras cousas, o seguinte:</p> <ol style="list-style-type: none"> Se teña o dereito de uso e sobre ela se estea exercendo unha actividade agraria polo beneficiario. A superficie se encuentre nun estado de mantemento axeitado durante todo o ano. No caso dos pastos permanentes a vexetación debe ser predominantemente herbácea. Os cultivos ou aproveitamentos ou as labores anuais de mantemento declaradas deben coincidir coas que se realizan.
		30	<p>No caso de que un gandeiro deixa reducida a súa superficie mais dun 25% na pac 2015 con respecto a 2014, a causa de que estaba poñendo superficie do monte comunal, e por causas dunha inspección de superficies este monte terá reducida a superficie con respecto o 2014. ¿poderá ser catalogado como beneficio inesperado? Neste caso esa superficie do monte xa non se lle validou o gandeiro no ano 2014.</p> <p>Se comparan superficies admisibles en 2014 e 2015. No caso que plantexas a superficie comunal non superou o control terreno e polo tanto non foi admisible en 2014 e xa non se terá en conta. En todo caso, se hai redución respecto á superficie 2013, tamén pode verse afectado polo límite de asignación de 3.000 euros por ha por creación de circunstancias artificiais e pola converxencia.</p>
		31	<p>Unha explotación agraria con 94 ha declaradas en 2013-2014 que no ano 2015 solo pode declara 81 por finalización do contrato de 13 ha que dispoñía a prados permanentes. As miñas dubidas son: ¿Tería algún problema hora de solicitar por só 81 ha?</p> <ol style="list-style-type: none"> O produtor reduce a superficie respecto ao ano anterior. A pregunta é. Declara toda a súa explotación? Se constatase a finalización de arrendamento a resposta é que SI. Como a redución de superficie é inferior ao 25% non se aplicaría a cláusula de beneficio inesperado pero, podería ser aplicable a cláusula de condicións artificiais prevista no artigo 22.2.c) do RD 1076/2014..
		32	<p>Unha explotación que a día de hoxe ten unha carga gandeira inferior a 0,2 UGM/ha, ¿Que debería facer de cara a asignación de pago básico?. Sería bo que fixese a PAC este ano para asignación de dereitos aínda que non os cobrara ou sería mellor que arrendara os terreos e pasase os importes ao novo cesionario?.</p> <p>O produtor debe declarar toda a superficie agrícola da explotación. No caso de que a carga gandeira non acade as 0,2 UGM por ha de pasto considerárase que se están creando condicións artificiais a efectos da actividade agraria salvo que o agricultor presente probas de que realiza os labores de mantemento descritas no anexo IV do RD 1075/2014 na superficie que excede dita proporción.</p>
		33	<p>Unha explotación que colle unhas terras en arrendamento con dereitos de pago único. Como lle van a afectar a hora de calcular os seus dereitos?. Cal vai sela superficie de referencia para o cálculo?.</p>

			<p>Para considerar os importes e o cupo asociado ás superficies arrendadas deberán asinar unha cláusula contractual e comunicalo de acordo co previsto no artigo 33 da Orde do 10 de marzo de 2015. A asignación dos dereitos de pago básico será independente para a superficie arrendada e para a superficie restante.</p>
		34	<p>GANDEIRO QUE DECLARA EM 2014 100HAS DAS CALES 60 SON DE MONTE COMUNAL.....SE NO 2015 NON DECLARA AS 60 HAS DE MONTE COMUNAL ENTRA EN BENEFICIO INESPERADO???</p> <p>SE NON DECLARA AS 60HAS DE MONTE VECIÑAL E REDUCE AS DE FINCAS PARTICULARES AS 40 HAS QUE QUEDAN EN MENOS DO 25% EMXPLO 5 HAS ENTRARIA EM BENEFICIO INESPERADO?????</p> <p>O produtor debe declarar toda a superficie agrícola da súa explotación e polo tanto a superficie que utilice. Sobre a aplicación do beneficio inesperado Ver nota Informativa Beneficio Inesperado</p>
		35	<p>compra venda na que o vendedor non substitúe a superficie vendida e ten redución da superficie admisible máis dun 25% e máis de 2 has e sen cláusula contractual. Tampouco o entendo, podería poñerme outro exemplo máis específico? e as dúas condicións do 25% e das 2has tamén terían que cumprirse simultaneamente?</p> <p>Ver nota informativa sobre beneficio inesperado</p> <p>Sobre as dúas has, se un produtor ten 5 has en 2014 e no 2015 declara 3,5 has, aínda que supera o 25% $((5,0-3,5)/5,0 = 30\%)$ non supera as 2 has e non se aplica beneficio inesperado.</p>
	Condicións artificiais	36	<p>Condicións artificiais: Adquisición ou arrendamento que supoñan máis do 25% e máis de 40 has respecto ás has do 2011. As dúas condicións xuntas, ó mesmo tempo?</p> <p>Ambas.</p>
		37	<p>concentración de importes maiores de 3000€/ha se o vui é moito maior que os DPU previos. Non entendo a que se refire este exemplo, podería explicarmo con outro exemplo máis específico?</p> <p>Se no 2014 tiña dereitos cun valor medio de 100 dereitos e agora os DPB teñen un valor superior de 3000 euros por as causas que se indican poderían terse en conta condicións artificiais.</p>
	Cambios de titularidade: Alegacións Asignación dereitos pago básico	38	<p>Un matrimonio que teñan dous ceas, un de carne a muller e outro de leite o home, as dúas explotacións con Pago único. O home a finais do mes de decembro xubilouse por enfermidade, vendeu as vacas de leite todas e alugou a cota. A miña pregunta é ¿como ten que facer co novo PAGO BASE que xenera o home se él está xubilado? ¿pode pasarlle todo ese PAGO BASE a muller?</p> <p>Si, trataríase como unha transmisión inter-vivos por xubilación na que o sucesor é un familiar de primeiro grao ou como unha incapacidade laboral permanente. O familiar (a muller) debe declarar polo menos o mesmo número de has admisibles no 2015 á declarada polo agricultor xubilado no 2014 (neste caso a parte das súas).</p> <p>A muller no 2015 deberá de presentar a solicitude unificada incluíndo as has do seu marido, para que lle asignen nelas o Pago Básico que lle correspondería e máis as que xa tiña ela. Tamén debe presentar alegacións á asignación de dereitos de Pago Base no nome do seu marido achegando resolución de recoñecemento da xubilación por parte do centro xestor da Seguridade Social.</p>

		39	<p>Un gandeiro fai cambio de titularidade de toda a explotación a outro gandeiro, con arrendamento de terras. O gandeiro tiña 35.34 dereitos de pago único e no 2014 estaba declarando na pac 37.09 ha. Cantas hectáreas debe arrendar para non perder dereitos? 35,34 ha que son os dereitos de pago único que tiña? Ou as 37.09 ha que tiña declaradas na pac?.</p> <p>O produtor na súa declaración do ano 2015 debe declarar a superficie de toda a explotación, é dicir, as 37,09 ha. O produtor non pode perder dereitos porque no ano 2015 non os hai.</p>
		40	<p>Como se calcula o valor dos dereitos de pago básico neste caso, cada explotación por separado? Ou faise un cálculo en conxunto?R</p> <p>No caso de arrendamento dunha explotación o cálculo faise separado para cada explotación en función da superficie admisible en 2013 e o valor de 2014 de cada explotación e a superficie declara en 2015.</p>
		41	<p>Se un agricultor con fecha 01/01/2015 formaliza un contrato de arrendamento con terras, por un período de cinco ano. ¿Está en dereito en poder solicitar por as terras obxecto de arrendamentos os dereitos que se xeran nesta campaña 2015, xa que o propietario das mesma tiña importes de pago único na campaña 2014?</p> <p>A cesión do cupo e o valor do arrendador e un acordo entre privados e deberá tramitarse como alegacións á asignación de dereitos de PB a través da SGAcap e achegando a documentación do contrato de arrendamento, a cláusula contractual do artigo 19 do RD 1076/2014 pertinente e indicar as parcelas arrendadas.</p> <p>Ambas partes deben ser agricultores activos. (Para completar a información ver artigo 19.1.b) do RD 1076/2014)</p> <p>Unha vez finalice o contrato. ¿O propietario podería solicitar o arrendador os dereitos xerado no ano 2015 das súas terras obxecto de arrendamento?</p> <p>Deberán tramitar unha cesión por finalización de arrendamento. Ambas partes deben ser agricultores activos tamén nese momento</p> <p>¿Cómo sería o proceso de xeración, crearías unha mochila con dous importes e sumando ambas superficies ou faríano por separado?R O calculo sería separado</p>
		42	<p>Se se calcula o valor dos dereitos de pago básico por separado, que número de hectáreas terei en conta? As que se arrendan? Ou as que tiña o gandeiro declaradas no 2014?</p> <p>A superficie da campaña 2014 tense en conta para o calculo do beneficio inesperado, que se aplicará se a diferenza entre esta superficie e a declara admisible no 2015 se reduce nun 25%.</p>
		43	<p>Para transferir dereitos agora, como tería que facer a xente? (ir á extensión agraria, e transferir os dereitos (¿canto tarda en facerse efectiva a transferencia de ditos dereitos?)</p> <p>Se merca ou arrenda os dereitos sen terra (en proporción 1 dereito – 1 hectárea) perde o 20 % dos dereitos (excepto no caso de herdanzas ou transferencia a agricultores que inician actividade). ¿Se lle merca ou arrenda dereitos a unha persoa e lle merca ou arrenda terra (en proporción 1 dereito – 1 hectárea) a outra persoa diferente, tamén será penalizado co 20% dos dereitos?</p>

			<p>Agora non hai cesións de dereitos porque non hai dereitos. Os produtores poden comprar ou vender terras ou arrendalas e o cupo de superficie do 2013 e a mochila (impores do 2014). Para elo deben de presentar alegacións á asignación dos dereitos de Pago Básico, presentar a documentación de compra venda ou arrendamento de terras e facer unha cláusula contractual entre as partes que aparece no Anexo IV do RD 1076/2014. Recomendamos que se tramiten a través da OAC.</p> <p>A fin de ano, cando haxan dereitos asignados para a campaña 2016, se abrirá o prazo para poder facer cesión de dereitos de pago básico.</p>
		44	<p>Dereitos alugados ou cedidos (sexan de pago único ou de nodrizas) no 2014, ¿van contarlle agora no 2015 ó propietario ou á persoa que fixo uso deses dereitos no 2014?</p> <p>Se os dereitos xa foron utilizados polo adquirente na campaña 2014 xa lle contan ao adquirente ou cesionario pois lle van na mochila.</p>
		45	<p>Con respecto a nova asignación de dereitos. Unha persoa que que arrendou unha explotación no seu momento e remata agora ese arrendamento. Se colle de novo o CEA, vánselle asignar novos dereitos de pago básico?. Cómo lle van facer o cálculo?.</p> <p>Si, lle asignarán dereitos do pago básico para elo deberá presentar unha alegación a asignación de dereitos do PB, presentar a documentación do novo contrato de arrendamento e asinar ambas partes a cláusula contractual oportuna. O cálculo farase independentemente o do arrendatario do arrendador. En todo caso tanto arrendatario como arrendador deben ser agricultores activos. (Para completar a información ver artigo 19.1.b) do RD 1076/2014)</p>
		46	<p>Unha explotación que a día de hoxe por causas de forza maior. (morte do gando por ataques do lobo). Vese na necesidade de reducir máis do 25% da superficie declarada no 2013, para manter unha carga gandeira entorno aos 0,7 UGM/ha, (carga mínima para axudas do PDR). Vaiselle aplicar a cláusula de beneficio inesperado?</p> <p>As circunstancias de forza maior ou o feito de cumprir cun compromiso das axudas do PDR non se contemplan como xustificación para non aplicar a cláusula do beneficio inesperado. Ademais, a morte de gando polo lobo non está considerado como situación de forza maior.</p> <p>Os casos nos que a redución de superficie entre 2014 e 2015 non levará á aplicación do beneficio inesperado xa se explicaron en notas remitidas nas semanas pasadas.</p>
		47	<p>Temos que facer as alegacións do Pago Base das persoas que no 2014 realizaron ANTES DA PAC 2014 unha cesión de pago único como cesionarios (por cambio titularidade, arrendamento, xubilación, cambio ó cónxuxe..) ou solo a os que fixeron estes cambios despois da PAC 2014?</p> <p>E diferente esta resposta se tiñan dereitos de pago único xa no 2013 que se non os tiñan?</p> <p>As cesións por CT entre o 2013 e 2014 con dereitos do PU se tramitan de oficio, NON hai que facer alegacións. Os CT SEN dereitos do PU deben tramitarse por alegacións. Remitimos ás OAC os casos para informar os interesados.</p>
		48	<p>Un agricultor que ten unha explotación xa no 2013, pero no 2015 realiza un cambio de titularidade de outro CEA no mes de marzo de 2015. Contan tódolos animais, é dicir os dos dous CEAs xa desde xaneiro?</p> <p>Aos efectos das axudas de leite e nutrices estamos pendentes dunha consulta do FEAGA. Non todos os cambios de titularidade poderán ser tidos en conta.</p>

		49	<p>Unha persoa que foi cesionario dun pago único no ano 2014 antes de solicitar a PAC, porque lle pasou os dereitos o seu cónxuxe, pero non e xove agricultor porque ten máis de 40 anos, como se miran o requisito de agricultor activo, se aínda non ten ningunha renda con ingresos agrarios. Se mirarán as renda do ano 2014 e se non cumpre o 80:20 entraría en risco. Ahí se comprobaría que asume o risco da explotación e que desenvolve actividade sobre a superficie.</p>
		50	<p>Sería posible facer unha cesión de dereitos no 2015 por arrendamento no seguinte caso: un xubilado que ten dereitos e declara terras a pastos, ten un CEA pero sen animais ou sen animais suficientes para cumprir 0.20 de carga, e non ten ingresos agrarios. Pode pasarllo a outra persoa que si sexa agricultor activo, que teña animais e ingresos agrarios suficientes?</p> <p>O xubilado e o cesionario teñen que cumprir os requisitos para ser agricultor activo en caso contrario non será posible a cesión nin se asignarían dereitos.</p>
		51	<p>É imprescindible sempre para poder facer cesións no 2015, ben por arrendamento ou cambio de titularidade, que o cedente cumpra os requisitos de agricultor activo e teña actividade agraria?</p> <p>Tanto cedente como cesionario deben ser agricultores activos excepto no caso de herdeiros ou subarrendos</p>
		52	<p>Para coller dereitos de Pago Único por arrendamento no 2015 é necesario facer o arrendamento por un mínimo de anos? ¿E hai un máximo de anos?</p> <p>Non, dependerá do estipulado no contrato asinado entre as partes</p>
		53	<p>Unha gandeiro con 10 dereitos, e 15 hectáreas, que pasou toda a explotación (CEA + terras) mediante arrendamento por 5 anos a unha segunda explotación no 2014 antes da PAC, pero acordaron unha finalización anticipada do arrendamento, e posteriormente o gandeiro volveu a arrendar ante notario por outros 5 anos, pasándolle dereitos+CEA a unha terceira explotación a finais do 2014.</p> <p>Neste caso, temos que facer dúas cesións, unha por fin de arrendamento e outra para volver a arrendar á terceira explotación implicada?</p> <p>SI</p> <p>E necesario que as 3 explotacións cumpran agricultor activo?? E ter actividade agraria, con unha carga de 0,20 UGM/Ha mínimo?</p> <p>E se no momento de volver pasar da segunda explotación á primeira por fin de arrendamento, a primeira non tiña gando, ata pasarlle o CEA á terceira explotación, existe algún problema?</p> <p>Para as cesións tanto cedente como cesionario deben ser agricultores activos.</p>
		54	<p>Unha explotación que o ano pasado fixo un arrendamento de dereitos, con terras, cun contrato de dous anos (campañas 2014 e 2015), o valor dese dereitos incorporaránselle a mochila, non?</p> <p>As cesións de dereitos de PU 2014 se tramitarán de oficio.</p>
		55	<p>Bos días. Necesito que me aclaren si todos aqueles produtores que están a punto de xubilarse, poden ceder agora toda a explotación, e despois en novembro cando se adxudiquen os DPB se pode formalizar a venda.</p> <p>Para que o produtor teña asignación debe ser titular da explotación e dispoñer da terra cando a solicita se non non tería asignación. Se quere ceder a explotación deberá formalizarse a venda ou arrendamento nese momento, se pide documentación con esa data.</p> <p>Si a resposta é afirmativa, quería saber como poden calcular de forma aproximada o seu importe para poder negocialo.</p>

			<p>Non procede</p> <p>E por último pódense ceder soamente os DPB e as vacas poder vendelas o cedente si o novo comprador non lle interesan?</p> <p>Os DPB so poden cederse a partir de fin de ano e tras a súa asignación.</p>
		56	<p>Caso dunha SAT que estaría interesada en comprar o pago único por un importe de 3000 euros dun solicitante que este ano estaría en situación de rocha (non sería agricultor activo). Entendo que este ano esa opción non se contempla. Cal sería a mellor opción neste caso? Que o solicitante que está en situación de risco solicite a PAC esta campaña e logo cando teña reasignados os dereitos de pago basee cederllos á SAT antes da PAC do ano que vén?</p> <p>Ambas circunstancias son posibles e son decisión dos interesados e os seus acordos son privados.</p> <p>Se o agricultor en situación de risco finalmente non cumpre as condicións de agricultor activo da igual que solicite ou ceda, non terá asignación.</p>
Pago Verde	Superficies de interese ecolóxico	1	<p>Un agricultor que teña mas de 15 ha, e que non se acolla a ningunha das excepcións contempladas no regulamento. ¿Un agricultor có fin de cumprir coa superficie de interese ecolóxico, podería destinar unha parcela como barbeito (improdutivo) sistematicamente na solicitudes da PAC?R</p> <p>Si, podería aínda que agronómicamente non é o axeitado. Débese ter en conta que:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O barbeito ten que facerse sobre terras de cultivo (basicamente, usos SIXPAC TA ou TH) • O barbeito, para ser SIE, non se pode adicar á produción agraria durante polo menos, nove meses consecutivos desde a colleita anterior e no período comprendido entre o mes de outubro do ano previo á solicitude e o mes de setembro do ano de solicitude. • O feito de que non se poda adicar á produción agraria non quere dicir que poidan ser superficies abandonadas ou improdutivas, é dicir, sobre elas deberase realizar un labor de mantemento anual para evitar a proliferación de vexetación leñosa e garantir que a superficie se mantén en bo estado. • Co obxecto de comprobar se se trata de superficies abandonadas, considerarase unha situación de risco a efectos de control que as parcelas de terras de cultivos se declarasen, de forma reiterada, durante tres anos ou máis, en barbeito. <p>No que se refire ás superficies de cultivos fixadores de nitróxeno hai que aterse ao que se indica na parte II do anexo VIII do RD 1075/2014 “Ao obxecto de evitar o risco de lixiviación do nitróxeno que presentan os cultivos fixadores de nitróxeno en outono, así como de aproveitar a mellora do chan que se obtén con este tipo de cultivos, deberán ir seguidos, na rotación de cultivos da explotación, por algún cultivo que teña necesidade de nitróxeno, non estando permitido deixar a continuación as terras en barbeito. En particular, a partir da solicitude única correspondente a 2016, as superficies de cultivos fixadores de nitróxeno que pretendan computarse como de interese ecolóxico non deberán terse cultivado con outro cultivo fixador de nitróxeno o ano anterior, a excepción das leguminosas forraxeiras plurianuais mentres dure o seu ciclo de cultivo.”</p> <p>Para calcular o 5% de SIE hai que lembrarse de ter en conta os factores de ponderación recollidos no anexo IX do RD 1075/2014.</p>
		2	<p>¿De cara a este ano de solicitude o período principal será de maio - setembro, tanto as leguminosas como o barbeito terá que esta presente nese período, co que se obrigaría a labrar a terra e implantar a leguminosa ou deixar a barbeito en función de cada caso, antes dese período?</p>

			<p>No que se refire ao período principal de cultivo, os cultivos declarados teñen que estar no terreo polo menos durante 2 meses consecutivos dese período.</p> <p>Ademais, o barbeito para ser SIE tamén ten que cumprir os períodos xa indicados nas respostas anteriores.</p> <p>Para calcular o 5% de SIE hai que lembrarse de ter en conta os factores de ponderación recollidos no anexo IX do RD 1075/2014.</p>
		3	<p>Unha parcela de terra arable que leva uns 6-7 anos abandonada, se este ano se limpou (por desbroce), e non se lle realizou ningunha outra labor, ¿serve para computar como superficie a barbeito este ano?</p> <p>O barbeito só é posible realizalo sobre as terras de cultivo. Polo tanto, as parcelas sobre as que se declare barbeito teñen que corresponderse con recintos que no SIXPAC teñan uso TA, TH ou IV. Un simple desbroce dunha matogueira ou dun pasto arbustivo non é un barbeito.</p>
		4	<p>¿qué pasa se non se cumpre o pago verde?. ¿penaliza o pago Básico?.R</p> <p>Se non se cumpre o Pago Verde se penalizaría segundo o grao de incumprimento, podéndose chagar a non pagar. No 2015 e o 2016 o incumprimento non penaliza o pago básico pero si o faría a partir do ano 2017.</p>
		5	<p>Qué pasa se non se cumpre o greening?</p> <p>Neste ano tería penalizacións no pago verde. En solicitudes de anos próximos o incumprimento de greening pode penalizar o PB</p>
		6	<p>UN PAGO OBRIGATORIO, SENON CUMPRO ESTE TAMPOUCO COBRO OS DPB.?????</p> <p>En 2015, se non cumpre coas prácticas do greening terá penalización no importe do Pago Verde pero non afectará ao pago básico.</p>
		7	<p>Este ano, quen non cumpra os requisitos de pago verde non cobra esa axuda, pero si que pode cobrar as outras liñas de axuda nas que si cumpra. A partir do ano que ven entendín nas charlas (aínda que non o vin no RD 1075 nin no 1076) que xa vai ser obrigatorio cumprir co pago verde para cobrar tamén o pago base, ¿entendín ben? No caso de ser así, alguén que non vai cumprir co greening en 2016 non cobrará tampouco o PB, pero ¿podería cobrar outras liñas de axuda asociadas (vacún de leite, nodrizas, DR)?</p> <p>No 2017 pode que a penalización por incumprimento das condicións do Pago Verde tamén afecte non so a este pago senón ao Pago Básico e Pago a Mozos. En todo caso eu non adiantaría acontecementos aínda estamos na campaña 2015.. Para máis información sobre estas sancións pódese consultar o artigo 28.3 do Regulamento 640/2014 e o 77.6 do Regulamento 1306/2013.</p>
		8	<p>En Galicia, para xustificar Superficies de Interese Ecolóxico, serven superficies de adicadas a agrosilvicultura e forestadas, ou solo barbeitos e cultivos fixadores de Nitróxeno? (No RD 1075 menciona os 4 e na Orde da Xunta non vin excepcións en Galicia).</p> <p>A superficies forestadas e adicadas á agrosilvicultura fan referencia a axudas de desenvolvemento rural que non se aplicaron en Galicia no último PDR, polo tanto non hai superficies destas caracterísicas. So son SIE os barbeitos e cultivos fixadores de nitróxeno.</p>

Mantemento Pastos permanentes	9	<p>No RD 1078, art.4, pax. 4, di que se debe solicitar permiso para converter pastos permanentes noutro uso se se sobrepasa nun 5% o descenso de superficie adicada a pastos permanente a nivel nacional no ano 2014. ¿Sábese xa se se alcanzou ese 5% e teñen que solicitar permiso para reconverter pastos ou non?</p> <p>Neste ano non se acadou o 5% a nivel de estado. (Olo: nos pastos sensibles non hai permiso, se son sensibles non se poden converter)</p>
	10	<p>Se teño máis do 75 % da Superficie Agrícola Admisible (SAA) adicada a pastos permanentes, pastos de menos de 5 anos, e o resto de cultivos son menos de 30 Hectáreas, xa estou cumprindo o greening, aínda que teña máis de 10 Ha de millo?R</p> <p>Para todas as preguntas sobre como cumprir co Pago Verde usa a folla de calculo remitida o día 10/03/15.</p>
	11	<p>A efectos do Greening, qué cultivos se consideran Terras de Cultivo (TC): Prados de menos de 5 anos? Nabos? Patacas? Horta? Trigo? Millo? Viña? Pastos Arbustivos, Pastos con arbores?</p> <p>Segundo o RD 1075/2014 a superficie agraria defínese como calquera superficie adicada a terras de cultivo, pastos permanentes ou cultivos permanentes. Polo tanto, para identificar os cultivos que se consideran terras de cultivo podemos dicir que serán aqueles que non sexan pastos permanentes (prados > 5 anos, pastos arbustivos ou pastos con arboredo) nin cultivos permanentes.</p> <p>Para maior claridade xúntase un ficheiro cos códigos dos produtos que poden ter algún interese en Galicia e que entran dentro das terras de cultivo.</p>
	12	<p>Para o cálculo do greening, como miro a superficie total de Terras de Cultivo, segundo os usos sixpac a TA, IV, HO, ou segundo os cultivos que declare no 2015 na solicitude?</p> <p>Sempre segundo os cultivos que declare no 2015. No caso de non ser compatible o produto declarado co uso SIXPAC dun recinto será necesario presentar a correspondente solicitude de modificación do SIXPAC.</p> <p>Por exemplo, teño 5 hectáreas con uso PS no Sixpac, pero que vou declarar a trigo no 2015, conta como terra de cultivo?</p> <p>Conta como terra de cultivo e habería que tramitar a solicitude de modificación do SIXPAC.</p> <p>E no caso contrario, se teño un uso TA no Sixpac, pero que vou declarar pasto arbustivo, entendemos que o primeiro sería solicitar un cambio de uso a PR, pero conta como terra de cultivo se no Sixpac ven como TA? Habería que tramitar a solicitude modificación do SIXPAC a PR e contaría como pasto permanente.</p>
	13	<p>A efectos do greening, que se entende por outras forraxas herbáceas? Poñer algún exemplo de un cultivo que sexa forraxa herbácea, distinto de praderías?</p> <p>As “herbas e outras forraxas herbáceas” defínense no RD 1075/2014 como todas as plantas herbáceas forraxeiras que se soen encontrar nos pastos naturais ou que se inclúen nas mesturas de sementes para pastos ou prados de sega, tanto se se usan como se non, para o pasto dos animais.</p> <p>Os produtos que teñen a consideración de herbas e outras forraxas herbáceas son:</p> <p>Código Produto 63 Pastos de menos de 5 anos 68 Festuca 69 Raygrass</p>

			<p>70 Agrostis</p> <p>71 Arrhenatherum</p> <p>72 Dáctilo</p> <p>73 Fleo</p> <p>74 Poa</p> <p>77 Trébol</p> <p>247 Cultivos mixtos de especies pratenses</p>
		14	<p>Canto supón de incremento o P.Ba se si se cumpre o Pago Verde? O coeficiente se calculará ese ano. Na presentación se fai referencia a esto</p>
		15	<p>¿Nunha mesma finca, pódense declarar máis de dous cultivos, independentemente das has que teña a finca?</p> <p>A declaración de superficies é como en anos anteriores, se declaran recintos SIXPAC e en cada recinto si que poden existir varios cultivos simultaneamente. Neste caso faranse polo menos tantas liñas de declaración como cultivos distintos existan simultaneamente nese recinto (e que polo menos estean sobre o terreo durante dous meses consecutivos do período de maio a setembro). Se un mesmo cultivo estivese en dúas partes separadas do mesmo recinto, pois houbera outro cultivo distinto intercalado, cada parte do mesmo cultivo debería ser declarada nunha liña de declaración distinta. O que non pode ser é declarar cultivos sucesivos no tempo, polo tanto, un mesmo anaco de terreo só se declara unha vez cada ano e tense que declarar cun cultivo que estea sobre o terreo polo menos, durante dous meses consecutivos do período de maio a setembro</p>
		16	<p>Para cobrar o pago verde se non se está en algunhas das excepcións que dan dereito a cobro, hai que cumprir as 3 prácticas (diversificación + mantemento de pastos + SIE), ou chega con cumprir so 1?</p> <p>Para o cálculo e cumprimento do Pago Verde ver o folha de cálculo enviada o seu día. Para cobrar integramente o Pago Verde deben de cumprirse todas as condicións</p>
Axuda Agricultores Mozos		1	<p>Para ter opción a cobrar o pago de agricultores mozos (25% máis do valor do medio dos dereitos), é necesario ter axuda de primeira instalación aprobada?</p> <p>Non pero hai que cumprir os requisitos que se establecen no RD 1076/2014 para os agricultores mozos no marco da asignación da reserva nacional de pago básico.</p>
		2	<p>E un mozo que inicia a actividade no 2015 e ten 39 anos antes de solicitar, pero cumpre os 40 dentro deste ano, ten dereito?</p> <p>Sí se cumpre os requisitos indicados.</p> <p>E se cumpre os 40 no 2016, pode cobrar ata o 2019?</p> <p>Hai que diferenciar dous condicionantes;</p> <ul style="list-style-type: none"> • Para recibir este pago non pode ter máis de 40 anos no ano que solicita por primeira vez o pago básico, e • Se ten dereito a este pago vaino a recibir por un máximo de 5 anos a contar desde a data da instalación (alta no réxime da seguridade social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación). <p>Polo tanto, dito período máximo reducirase no número de anos transcorridos entre a instalación (alta na SS) e a primeira presentación dunha solicitude de pago desta axuda complementaria.</p>
		3	<p>Un agricultor que fixo a súa incorporación nos últimos 4 anos, e era agricultor mozo, pero agora pasa dos 40 anos p.ex. ten 42 ¿podería solicitar a axuda de agricultor mozo?</p> <p>Non, supera os 40 anos</p>

			<p>Se o agricultor mozo nesta campaña ten 39 anos, pode solicitar nas 4 seguintes aínda cando despois desta campaña supere os 40 anos?</p> <p>Poderá cobrala durante cinco anos despois da súa instalación (data de alta no réxime da SS da actividade agraria que lle corresponda). Así, se esta dado de alta, por exemplo, no 2013, so cobraría ata o 2017.</p>
Réxime de pequenos agricultores		1	<p>¿UN AGRICULTOR QUE COBRE MÁIS DE 1250 € PODE SOLICITAR QUE O INCLUAN NO RÉXIME DE PEQUENOS AGRICULTORES?</p> <p>Non</p>
Axudas Asociadas	Axudas vacún leite	1	<p>Un explotación gandeira que estea clasificada como de leite tendo no censo 3 frisonas, 4 rubias e 27 conxunto mestizo, por que ten que pedir ¿por vacún de leite ou de carne?, ¿ten que cambiar a clasificación?</p> <p>En primeiro lugar, o titular deberá comprobar e asegurarse de que a clasificación zootécnica se corresponde coa orientación produtiva da súa explotación (é dicir, neste caso o conxunto mestizo está adicado á produción de leite ou non) e en función disto manter ou cambiar a clasificación. Comprobado o anterior, se a explotación ten clasificación zootécnica de leite non pode beneficiarse das axudas ás vacas nutrices. Si pode beneficiarse da axuda ao vacún de leite e serían elexibles os as femias das razas bovinas de aptitude láctea de máis de 24 meses de idade á data do fin do período de solicitude. Nese caso as frisonas e as mestizas poderían ser elexibles.</p> <p>A clasificación zootécnica da explotación está determinada polos servizos veterinarios. O interesado pode solicitar o cambio de clasificación pero a clasificación a resolverá o servizo veterinario. Neste caso entendo que debe avaliarse a clasificación zootécnica e comprobar se o produtor muxe ou non as vacas mestizas.</p>
		2	<p>En canto o de entregar leite polo menos 6 meses ¿ten que entregar algunha cantidade mínima?</p> <p>Non se establece ningún mínimo.</p>
		3	<p>- Unha explotación de vacún mixta, que destina o leite á elaboración de queixos, ¿vai poder cobrar por vacas de leite ou vai cobrar por todas como nodrizas? ¿Cómo se computa neste caso a referencia nº vacas/6500 litros de leite? Entendo que se os queixos se venden en feiras e a particulares e non hai facturas, xa non é posible xustificación algunha da produción láctea, non?</p> <p>Este produtor debe facer a declaración de venda directa. Se a explotación ten unha clasificación zootécnica mixta pode solicitar tanto as axudas de vacún de leite como de vacas nutrices. Os 6.500 kg se aplica para o cálculo de animais primables de vacas nutrices e se utiliza como axuste de vacas de leite (so para axudas de vacas nutrices) como kg de entregas de leite/6500.</p>
	Axuda vacas nutrices	4	<p>Na axuda asociada para explotacións que manteñan vacas nutrices van cobrar o mesmo as explotacións de zona de montaña que as de zona desfavorecida?</p> <p>Non hai diferenciación en nutrices entre zonas de montaña e desfavorecidas.</p>
	Axuda leguminosas de calidade	5	<p>Para a axuda a cultivo de legumes de calidade, debido á necesidade do amparo dunha D.O., en Galicia solo sería posible en Lourenzá.</p> <p>En Galicia sería posible para calquera produtor acollido á IXP Faba de Lourenzá ou á Agricultura Ecolóxica</p>

		6	<p>Unha explotación mixta de vacún de leite e carne que decide pedir a prima de carne dentro das axudas de AGROAMBIENTE E CLIMA, pode tamén cobrar a axuda directa polas vacas que teña de leite e tamén a axuda directa polas vacas de carne? Son as 3 compatibles?</p> <p>Si son compatibles.</p>
		7	<p>Unha consulta dunha persoa que ten unha pequena explotación de vacún de carne, pero esa persoa non está dada de alta na seguridade social dende fai xa tempo. ¿Iso impídelle ou condiciónao dalgún xeito para a PAC de este ano? (cobrou PAC sempre dende fai anos).</p> <p>Se é agricultor activo, e cumpre coas condicións de elixibilidade, pode solicitar a axuda asociada de vacas nutrices. En calquera caso debe cumprir coas obrigas que lle establece a normativa tributaria e da Seguridade Social.</p>
		8	<p>¿Cales son os importes aproximados que se estiman para cada liña de axuda?</p> <p>Na páxina web do Fega se indican valores estimados</p>
		9	<p>Se un agricultor que teña vacún de carne ou leite cría máis de tres becerros durante o ano, tamén pode solicitar o vacún de cebo, non? Se ó final de ano non cebou máis que dous, que repercusión tería?</p> <p>Si pode solicitar. Se ao final so 2 son elixibles se lle denegaría a axuda.</p>
Axudas Agroambientais		1	<p>1.- Unha hectárea de pasto arbustivo cóbrase menos que unha de pradería. Pero á hora de contar para o mínimo de hectáreas contan igual 1. Por exemplo, se teño 9 hectáreas de pradería e 1 de pasto arbustivo chego ás 10 hectáreas mínimas?</p> <p>Si, no caso de xestión sostible de pasto, consideraríanse 10 Ha de superficie indemnizable, tendo en conta q 1 Ha de PR computa a superficie neta, pero en extensificación de vacún de leite non computan PR/PA como S.I.</p>
		2	<p>Dentro dos compromisos específicos nas liñas de manexo sostible de pastos, están:</p> <p>A superficie a millo e outros cultivos forraxeiros (distintos de prados de menos de 5 anos) debe ser menos do 20 % da superficie forraxeira da explotación en carne, e 25 % en leite.</p> <p>Que se entende por cultivos forraxeiros /superficie forraxeira??</p> <p>Por exemplo os nabos, as patacas, o xirasol o trigo, son forraxeiros ou non?</p> <p>Entendese por "Superficie forraxeira" a superficie agraria da explotación dedicada a pastos ou a cultivos destinados á produción de forraxe para a alimentación animal, incluídas as superficies utilizadas en común e as que estean dedicadas a un cultivo mixto, dispoñible durante todo o ano natural para a cría de bovinos, ovinos, caprinos ou equinos. Cando declare o produto do recinto debe indicar se ten aproveitamento forraxeiro (S/N). De acordo co anterior e tendo en conta que o período principal de cultivo vai de maio a setembro, pensamos que non será posible declarar nabos (pois non estarán nas parcelas polo menos 2 meses consecutivos dese período) e as patacas e o trigo non serán superficies forraxeiras.</p>
		3	<p>Unha explotación que ten un CEA de vacún de carne e outro CEA para cebadeiro de xatos, comprados fora da explotación, pode solicitar a liña de manexo sostible de pastos?</p> <p>En caso afirmativo; para o cálculo de carga gandeira, súmanse as UGM dos dous CEAS?</p> <p>Si, sempre en cando cumplan o compromiso de carga gandeira e demais compromisos específicos, e computando todos os animais vinculados os dous REGAs.</p>
		4	<p>Unha explotación formada por un mozo, que iniciou a actividade en marzo deste ano 2015, dándose de alta na seguridade social. A efectos da carga</p>

			<p>gandeira váiselle facer a media de animais tamén dende xaneiro, tendo en conta que é unha nova explotación e que en xaneiro e febreiro tiña cero animais?</p> <p>Si, non temos previstas excepción agás causas de forza maior, neste caso senón cumpre o ano 2015 debería solicitar no anos 2016.</p>
		5	<p>SI E UNHA EXPLOTACIÓN DE RAZAS AUTOCTONAS EN PERIGRO DE EXTINCIÓN, EN AGROAMBIENTAIS, PODEMOS SUMAR O SEGUINTE, EUROS POR UGM(175), SUPERFICIE DE PASTOREO DE CARNE 120 EUROS/HAS, MAIS SI ESTA EN ECOLOXICO 333 EUROS7ha, 2 1º anos e logo 300 euros/HA. ESTO É CERTO?.</p> <p>Non, só sería compatible a a prima de razas con unha das outras dúas, é dicir, razas autóctonas+ pastoreo ou razas autóctonas+ecolóxico.</p>
		6	<p>) Liña láctea en agroambientais, Non vale PR? Para carne si pero o importe será menor, ou non?</p> <p>Agroambientais: Correcto, está na presentación</p>
		7	<p>Parcelas con pendente >8% valen para agroambientais?</p> <p>Si, non existe ningún valor da pendente faga que as parcelas non sexan primables. Cousa distinta é que en dúas liñas de axudas (Extensificación do vacún de leite e Xestión sostible de pastos) existe un compromiso que consiste en "Non implantar cultivos nas superficies con pendentes maiores do 10 %, excepto para establecer pasteiros ou rexenerar o pasto"..</p>
Outras Axudas		1	<p>Unha parella que decide montar unha granxa de cabras, coa idea de facer queixos de cabra; a vivenda, antigo establo e a propiedade comprárono, pois eles son extremeños, e fixeron unha sociedade aportando todos os elementos da compra a sociedade. queren facer outra sociedade so o marido cun traballador que é o que vai traballar coas cabras. Queren pedir as axuda pola primeira sociedade e actividade agraria estaría na segunda sociedade, é isto viable?.</p> <p>Calquera axuda asociada gandeira poderá solicitala o titular da explotación, isto é do REGA.</p>
		2	<p>Unha explotación na que teñen invernadoiros e se adican únicamente a floricultura, nunca recibiron axudas PAC (nin solicitaron), ¿teñen algunha liña de axuda da que se poidan beneficiar?</p> <p>Segundo o exposto Non</p>
			<p>A actividade en plantacións de pino/eucalipto que fan labor de mantemento anual pero non teñen animais, pódese considerar actividade agraria e teñen dereito a axuda de forestación de terras non agrarias?</p> <p>A axuda de forestación so está destinado aos solicitantes con axudas de forestación aprobadas en anos anteriores. Son aos que lles chega a carta de específica para eles. Son superficies forestais e por tanto non son admisibles para o pagamento básico.</p>